

ACTA DA SESIÓN PÚBLICA CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO DE PARADELA. PERIODO 2019-2023

En Paradela sendo as doce horas do quince de xuño de 2019, reúnen no Salón de Sesiões do Concello de Paradela, a totalidade do/as concelleiros/as electos/as desta Corporación, que presentaron a credencial de Concelleiro/a ante a Secretaría Municipal, coa finalidade de realizar a sesión pública de constitución do Concello, asistidos por min, o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que dou fe do acto.

1º.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.

En cumprimento do disposto nos artigos 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e 37.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Secretario solicita ao concelleiro electo de maior idade, D. José Manuel Mato Díaz, que pase a presidir a Mesa de Idade acompañado coma vogal, do concelleiro electo de menor idade, D. Iván Castro Díaz, ao fin de iniciar a constitución da corporación municipal do Concello de Paradela.

Constituída a Mesa de Idade, polos concelleiros electos de maior e menor idade indicados, xunto co Secretario-Interventor, o Sr. Presidente declara aberta a sesión.

2º.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS. XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES CONCELLEIROS E DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

O Secretario da corporación manifesta que a Xunta Electoral de Zona de Lugo, en cumprimento do que dispón o artigo 108.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio de 2019 na circunscrición electoral de Paradela certificando o número de electores, de votantes, de votos ás candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, e o número de votos e concelleiros obtidos por cada candidatura, como tamén a relación nominal de concelleiros electos para o Concello de Paradela, segundo o seguinte resumo.

Número de electores censados: 1.658

Número de votantes: 1.444

Número de votos a candidaturas: 1.408

- Partido Popular: 855
- Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE: 553

Votos en branco: 15

Votos nulos: 21

Candidaturas	Votos obtidos	Nº de Concelleiros
Partido Popular	855	6
Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE	553	3

De acordo co resultado reflectido na Xunta Electoral proclamou Concelleiros aos candidatos coa seguinte relación nominal.

D. José Manuel Mato Díaz (PP)

D^a. Montserrat Mulet Sar (PP)



Concello de Paradela

D^a. Ana Belén López Álvarez (PP)

D. Adrián Fernández Juíz (PP)

D. Jesús Pablo López González (PP)

D. Benjamín López Mato (PP)

D. Roberto Díaz Luaces (PSeG-PSOE)

D. Iván Castro Díaz (PSdeG-PSOE)

D^a Sara Arias López (PSdeG-PSOE)

O Secretario-Interventor informa que todos os concelleiros/as electos/as, presentaron a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zonas, e que formularon as declaración de bens e actividades a que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Sr. Presidente anuncia que, acto seguido, os Concelleiros electos han de prestar o seu xuramento ou promesa de conformidade co artigo 108 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Local; polo que o Presidente da Mesa de Idade procede por orde da acta de proclamación, a dar lectura do nome e apelidos de cada un dos concelleiros electos que asisten á sesión que, dun en un, se dirixen á Presidencia, comprobándose por parte dos membros da Mesa de Idade a credencial presentada e a identidade de cada concelleiro/a electo/a.

D^a. Montserrat Mulet Sar

D^a. Ana Belén López Álvarez

D. Adrián Fernández Juíz

D. Jesús Pablo López González

D. Benjamín López Mato

Empregaron a seguinte fórmula: *“xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro Paradela, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

D. Roberto Díaz Luaces

D^a Sara Arias López

Empregaron a seguinte fórmula: *“prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro Paradela, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

En derradeiro lugar prestan xuramento ou promesa os concelleiros integrantes da Mesa de Idade:

Primeiro, D. Iván Castro Díaz empregou a fórmula *“prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro Paradela, con lealdade ao pobo de Paradela, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

A continuación, o Presidente da Mesa de Idade D. José Manuel Mato Díaz, empregou a fórmula: *“xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro Paradela, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

3.- ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO E TOMA DE POSESIÓN.

Seguidamente o Presidente da Mesa de Idade declara constituída a Corporación e a continuación procedeuse á elección do Alcalde do Concello entre os membros da corporación que encabezaron as listas con representación, mediante o procedemento ordinario a man alzada, sendo elixido alcalde, de conformidade co disposto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, o candidato que obteña maioría absoluta de votos e, no seu defecto, o candidato da lista que obtivera máis votos nas eleccións.

A continuación realizouse a votación, preguntando, votos a favor do Concelleiro do candidato do Partido Socialista D. Roberto Díaz Luaces, votos a favor do candidato do Partido Popular D. José Manuel Mato Díaz.

O resultado foi o seguinte:

Candidatos	Votos obtidos
D. Roberto Díaz Luaces	3
D. José Manuel Mato Díaz	6

Á vista do anterior, D José Manuel Mato Díaz, é proclamado Alcalde e ao ser o propio Presidente da Mesa de Idade toma posesión do seu cargo de Alcalde, xurando o cargo de Alcalde baixo a fórmula: *“xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde de Paradela, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”*.

Unha vez o Alcalde toma posesión, pasa a ocupar o sillón presidencial e, en consecuencia, queda disolta a Mesa de Idade.

4.- DAR CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA A 15/06/2019.

A continuación o Secretario-Interventor deu conta da acta de arqueo extraordinaria da situación de existencias a 15 de xuño de 2019, por un importe total de 866.726,69 euros.

- ABANCA, conta nº ES30 2080 0171 60 3110000101, saldo 128.541,03 euros.
- BBVA, S.A. Paradela, conta nº ES53 0182 0627 75 0010550008, saldo 634.381,91 euros.
- BBVA, S.A. Lugo, conta nº ES76 0182 6219 51 02002705012, saldo 103.803,75 euros.
- BBVA, S.A. Lugo, conta nº ES93 0182 6219 55 0201500154, saldo 0,00 euros

Toma a palabra o Alcalde, que deu o discurso que se transcribe a continuación:

Estimados/as veciños/as de Paradela, membros da Corporación electa, Compañeiros/as da Candidatura, Señor Secretario, Funcionarios, Amigos/as. Ben querida familia:

Gracias: por honrarnos ca súa presenza neste acto, que culmina o proceso electoral das eleccións municipais do 26 de maio.

Hoxe iniciase a XI (ONCEAVA) "Lexislatura".

Permítanme, que en primeiro lugar, me refira a miña familia: A que tanto debo a miña dona Emilia, os meus fillos Óscar e Miriam, a miña irmá Carmiña, e demais familia; amigas que elas ben saben quen son, que estiveron sempre aí, nos momentos difíciles que nos tocou vivir, Gracias.



Concello de Paradela

Tamén pola paciencia que levan tido comigo, por tantas veces que me necesitaban e eu non estaba, sempre o entenderon, incluso cando sufrían por culpa da miña vocación de servizo e do meu compromiso coa miña terra de Paradela, Gracias.

Quixera ter unha lembranza para tódolos Concelleiros, que nos acompañaron o longo distes 40 anos, con un recordo especial para Amador González López e Pedro Vázquez Rodríguez, os que xa non están entre nos. Tamén os que por decisión propia, non continuaron nesta lexislatura, Manolo de San Cristobo e Martín, a todos/as mostrarlle o meo ríspeto e agradecemento, sen eles non alcanzariamos as melloras que se lograron en cada unha das lexislaturas pasadas, Gracias.

Gracias os veciños/as de Paradela, que souberon da importancia destas eleccións, como lles dicíamos no programa " xa que marcarán o futuro inmediato desta nosa terra" creo que o entenderon a perfección, ca gran participación dun 87,09% o que non deixa lugar a equívocos. Co resultado por todos coñecido de un 60,08% para o PP, e un 38,86 % para o PSOE, maioría absoluta con 6 concelleiros do PP E 3 do PSOE.

Gracias os compañeiros de candidatura que en tan solo dez días e coas limitacións que tivemos, fomos capaces de achegarnos os domicilios dos nosos veciños, sen ruído, con humildade e ríspeto, e sempre ca verdade por diante, con alegría e mesura. En resumen foi unha boa campaña que nos deu credibilidade e confianza.

Si levo 40 anos na Alcaldía de Paradela, pero a min non me pesa, o contrario danme forza o saber que poido facer mais por esta gran familia que formamos os Paradelenses. Síntome como na primeira toma de posesión con 24 anos, coas mesmas ganas de facer o mellor pola miña xente. Síntome reforzado o ser unha vez mais, , votado maioritariamente, e van once, gañando desde 1979. Tamén quero aclarar que eu non son dos "que se tiran a piscina, sen mirar si ten auga". Moitos veciños, se dirixiron a min pedíndome que me presentase, a boa fe, que mo dicían de corazón, e desde logo, non podía defraudarlles. E aquí estamos coma sempre, o seu dispor.

O proceso electoral rematou, agora hai unha nova Corporación, desde este momento, no aí mais ca un compromiso, representar a os que son, os soberanos, que mandan no pobo, os cidadáns, nos somos os seus DELEGADOS, que nos elixiron, para traballar por e para todos/as, eu teño a confianza que así se faga, desde a lealdade e a responsabilidade de cada un de nos.

Paradela, esta a vivir unha profunda transformación, nestes momentos, con unha inversións de mais de 60 millóns de €, que a súa vez, están cambiando unhas zonas agro-gandeiras con uns bos accesos o que farán que terras que non se estaban aproveitando agora, melloraran sensiblemente.

Melloran a rendas agrarias desas zonas, así como o presuposto municipal, que se verá incrementado notablemente froito dos impostos que tributarán os dous parques eólicos, o que repercutirá, como non pode ser doutro xeito, na mellora de prestacións os veciños. Agora estamos como cando nunha casa hai obras, incómodos, e levaranos algún tempo adaptarnos o novo paisaxe, pero o progreso e unha garantía de futuro, e trae consigo os avances das sociedades modernas.

Temos unha extraordinaria labor por diante, para seguir progresando. E como creemos no rural, e sabemos que si facemos as cousas ben feitas, teremos un futuro esperanzador, debemos de centrarnos, nos factores que fan que unha sociedade avance e sexa punteira.

O meu entender a principal son as comunicacións, non podemos seguir tendo estradas que sendo arterias supra municipais, sexan camiños, que non permiten un tránsito actual, nin de vehículos agrarios, nin por suposto en vehículos industriais, vou a poñer

tres exemplos, que todos coñecemos: Estradas Provinciais de Paradela a Currelos, esta vía foi aforada en datas comprendidas entre o 30-08-18 ó 06/09/18, dando unha intensidade media de tráfico de 684 vehículos día. Existen acordos entre Enel Green Power, Deputación e Concello de Paradela, o día de hoxe, non se fixo nada. Estrada de Barreiros a Mosteirovello, Castro de Rey, estaba toda contratada no ano 2007, fíxose unha primeira fase hasta o paraxe coñecido como rio seco, no termino de Sarria, e aí, parou. Estrada Pacios-Trebolle, en pésimas condicións, non aí nada previsto que eu coñeza. Sirvan estes exemplos, para concienciar a Corporación e veciños, que necesitamos, que aqueles organismos que teñan competencias, as exerzan, na procura das melloras que os administrados demandan.

Comunicacións tamén son as modernas de internet, e redes de telefonía. Fomos áxiles en relación cas primeiras, de aí, que contemos con dous repetidores xestionados polo propio Concello, a pesar de da oposición de algún insigne personaxe. Podemos dicir, que nun 98 % do concello existe cobertura suficiente. E con relación a fibra óptica, participarlles, que se esta, intentando que se adianten os prazos, en todo caso o Concello de Paradela, deberá de estar dotado con este moderno e vital servizo no ano que ven.

Por suposto, que non nos esquecemos das competencias municipais, e deficiencias existentes estase a traballar nelas. seria moi extenso enumeralas, e sendo parte delas xa coñecidas por os veciños e mesmo os medios de comunicación teñen informado o respecto.

Se cito as comunicacións, estradas e por que son unha GRAN NECESIDADE, e nese eido vamos a dar a batalla, para que se actúe desde o rigor e da urxencia, que se cumpran os acordos o respecto, demandarémolo con humildade, como sempre fixemos, pero ca tenacidade que nos caracteriza, quero pensar que todos estaremos de acordo, a hora de defender o Concello e os intereses dos nosos veciños.

Somos un Concello, con milleiros de visitantes o Camiño de Santiago e noso escaparate, temos que aproveitalo máis, para crear turismo sostible, coa nosa riqueza natural e Histórica. Necesítanse emprendedores, aí campo suficiente, para crear negocios rendíbeis . O Concello apoia tódalas iniciativas que existan, como veo facendo sempre.

Faremos unhas políticas de compromiso cos máis desfavorecidos, axudaremos a que ninguén se quede a tras.

Quixera destacar o papel dos servizos públicos como factor de corrección de desigualdade e garantía de dereitos sociais , económicos e culturais, que o Concello de Paradela se compromete a cumprir en toda a súa amplitude.

Temos moito avanzado, pero a obra non se rematará, por que o futuro ven con presa e rapidísimo, e aí e onde temos que estar.

Para rematar, direi co primeiro e crer no que facemos e facelo con entusiasmo. Xa comezamos. Gracias”.

O Alcalde levanta a sesión sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día quince de xuño de dous mil dezanove, estendéndose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**O Alcalde-Presidente
José Manuel Mato Díaz**

**O Secretario-Interventor
José López González**